



I CONCURSO DE CANTIGAS DE ENTROIDO DOS TROBADORES DE PASTORIZA

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA, A BIBLIOTECA E O DEPARTAMENTO DE GALEGO CONVOCAN UN CONCURSO DE CANTIGAS RELACIONADAS CO ENTROIDO E COPLAS SATÍRICAS SOBRE TEMAS E PERSONAXES ACTUAIS.

BASES

- As cantigas terán unha extensión de, **como mínimo, doce versos.**
- A temática estará relacionada co Entroido e as cantigas deberán tratar temas actuais ou personaxes da nosa sociedade, sempre dende o respecto.
- Teñen que estar escritas en galego.
- Valorarase a presentación e a orixinalidade da cantiga; así como a súa corrección ortográfica e gramatical.

ENTREGA E DATA LÍMITE:

- As cantigas serán entregadas ás profesoras de Lingua Galega até o **luns, 21 de febreiro de 2022.**

PREMIOS:

- O xurado concederá dous premios sorpresa ás cantigas máis orixinais e enxeñosas.
- Os premios poderán quedar desertos se o xurado conclúe que non se cumpriron as bases do concurso.

- ✚ As cantigas serán expostas no Taboleiro da Lingua situado no andar 0 do noso centro baixo o lema, **“Os trobadores de Pastoriza do século XXI”**.